



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf.: A/S/C78-13

ANUNCIO

Asto.: Declaración de deserto do procedemento de contratación do suministro “EQUIPAMENTO PARA A PRAZA DE ABASTOS CON CARGO Á SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013

A Xunta de goberno local, na súa sesión extraordinaria de data 31.10.2014, acordou, entre outros, e, en relación co procedemento de contratación de referencia, o seguinte:

1º.- Excluir a ELITE FURNINSHING S.L., CIF núm. B95764643 e domicilio en BASAURI. VIZCAYA, do procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente do subministro “EQUIPAMENTO PARA A PRAZA DE ABASTOS CON CARGO Á SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013 por considerar, una vez cualificada a documentación presentada pola mesma e informada dende un punto de vista técnico a súa adecuación aos PPT, que á mesma incumpre obrigas esenciais do contrato e non permite coñecer o contido mínimo das características técnicas do subministro ofertado.

As deficiencias observadas relacionanse do seguinte xeito:

- Incumpre á obriga consignada na cláusula IX.1 relativa á presentación da proposición en dous sobres pechados e asinados polos representante onde “EN CADA UN DOS SOBRES FIGURARÁ EXTERNAMENTE O NOME DO LICITADOR E, NO SEU CASO, DO REPRESENTANTE, DOMICILIO SOCIAL, TELÉFONO, CORREO ELECTRÓNICO E FAX, A EFECTOS DE COMUNICACIÓN, ASÍ COMO O TÍTULO DO SUBMINISTRO “EQUIPAMENTO PARA A PRAZA DE ABASTOS CON CARGO Á SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013” , E INCLUIRÁ A DOCUMENTACIÓN QUE SE INDICA NO APARTADO 9.2.”

- Incumpre á obriga consignada na cláusula IX.2.1.- Sobre A: Subtitulado “Documentación Xeral”. toda vez que a declaración responsable non se acompaña da documentación esixible no modelo que figura como anexo I, nin o documento que se consigna no aptdo. b) da cláusula IX.2.1.

- Incumpre á obriga consignada na cláusula X.2.2.- Sobre B: Subtitulado “Oferta económica e memoria de actuación”. toda vez que a oferta económica que contén a oferta económica se aporta sen asinar e sen axustarse ao modelo que figura como anexo II dos PCAP. Asemade non aporta a “Memoria de actuación, debidamente asinada e datada, que deberá conter o seguinte:

a) Memoria descriptiva dos bens que se ofertan, co indicación expresa e detaiada das características técnicas dos mesmos e os seus prezos unitarios, así como una sucinta descripción da capacidade de produción e distribución das fábricas ou talleres que realizarán os bens obxecto do presente contrato.

b) Plan de implantación que detaie a forma e procedemento na que se realizará o suministro e instalación, cun calendario do tempo e actuacións necesarias, así como a relación do persoal que o levará a cabo e a súa cualificación profesional..

c) Documentación técnica dos bens e referencias detaiadas dos mesmo e programa de mantemento, de ser o caso.

d) Especificación dos medios de transporte propios ou contratados que se adicarán a la



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

distribución e instalación do material a subministrar

e) Certificado de asistencia técnica de que dispoña a empresa para o mantemento do material ou reposicións durante o prazo de garantía do contrato, programa e condicións de mantemento.

f) Control de calidade donde se especifiquen os controis a que vai a someterse tanto ao equipo, como á instalación a realizar para a posta en marcha.

g) Declaración e compromiso expreso dos prazos de entrega, instalación e garantía da totalidade do suministro.

h) Infografía, catálogos, debuxos, folletos, fotografías ou vídeos relativos aos bens que se ofertan.”

Dita documentación queda configurada según tenor literal dos PCAP como mínima e obrigatoria determinante da oferta técnica e económica das empresas que concorran e, en base a cal, realizarase a negociación nos termos previstos nos mesmos que resultan, en todo caso, da regulación contida no TRLCSP. A súa omisión impide coñecer as cualidades técnicas do subministro ofertado.

- En canto ao contido da oferta, o prazo ofertado é de CATRO semanas incumprindo o prazo de duración do contrato previsto na cláusula III dos PCAP que, en todo caso, será “coincidente co de entrega do subministro e instalación do equipamento obxecto do contrato, será de tres (3) semanas dende a data de formalización do contrato en documento administrativo.” e que asemade deberá axustarse á limitación contida no parágrafo seguinte da citada cláusula “En todo caso, a duración do contrato queda determinado polo prazo de xustificación da axuda concedida pola Consellería de Economía e Industria de 6.8.2014 ao abeiro da orde de 12.3.2014 cofinanciada polo FEDER no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013 (DOG núm. 56 de 21.3.14) que remata o vindeiro 1.12.2014 no senso sinalado na cláusula 1.1. dos presentes pregos.”

- A oferta presentada establece unhas condicións de pago que incumpren a cláusula XVII.1.- “Abonos ao contratista.-”

- Os sobres da proposición contén por duplicado as condicións da oferta presentada incumprindo o disposto na cláusula IX.2.2.- Sobre B: Subtitulado “Oferta económica e memoria de actuación” que dipón “A introdución da oferta económica ou de calquera outro documento que permita deducir ou coñecer o seu importe dentro do sobre A dará lugar á automática exclusión do procedemento de adxudicación do licitador incurso en dita circunstancia.

- Non se describe a capacidade de produción e distribución das fábricas ou talleres que realizarán os bens obxecto do contrato.

- Non se presenta o plan de implantación que detalle a forma e procedemento co que realizarase o suministro e instalación.

- Non se presenta documentación técnica dos bens e referencias detaiadas dos mesmos.

- Non se especifican ls medios de transporte, propios ou contratados, que se adicarán á distribución do material.

- Non se presenta documentación relativa alocontrol de calidade dos suministros.

- Respecto ás partidas ofertadas a cajonera rodante relacionada na oferta é de 3 cajones, cando nas medicións e orzamento do proxecto aprobado se especifica que será unha cajonera rodante de 4 cajones.



CONCELLO DE BUEU
DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

2º.- Declarar deserto o procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente do subministro "EQUIPAMENTO PARA A PRAZA DE ABASTOS CON CARGO Á SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DE MERCADOS MUNICIPAIS E PRAZAS DE ABASTOS DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2007-2013

Bueu, 3 de novembro de 2014

O alcalde

Félix Juncal Novas